

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 12 DE XANEIRO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día doce de xaneiro de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio José Cuiñas Otero.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 7 de xaneiro do dous mil nove (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### **INFORMACIÓN URBANÍSTICA.**

1.- Solicitud de información urbanística interesada por **Dona Maria del Carmen Santamaria Rey**, con domicilio no Piñeiral nº 13, 3º esquerda, con número de rexistro de entrada 7438. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 09.01.09 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito Fronte a Cruceiro en Francelos (Ref. Catastral 9913964NG7801S0001JA), a solicitud de Dona Maria del Carmen Santamaria Rey, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

#### **RENUNCIA A POSTO NA PRAZA DE ABASTOS.-**

Visto o escrito de **Don Javier Giraldez Sendin**, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Piñeiral nº9, titular do posto nº 12 (Carne) da Praza de abastos de Ribadavia, no que solicita por motivos de xubilación, a baixa do devandito posto con efectos de 31.12.08, a Xunta de Goberno Local, toma coñecemento de dita baixa, acordando comunicar dito acordo os servizos de Intervención e Tesourería municipal, os efectos que procedan.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

- “Da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade, comunicando Circular nº1/2009”.

- “Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, comunicando Resolución relativa a expediente de aproveitamento de 0,1 l/s de auga a derivar do río Avia en Santo André de Camporedondo, término municipal de Ribadavia (Ourense), con destino a rego, solicitado pro Rosa Gómez Pernas”.

- “Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, comunicando Resolución relativa a expediente de inscrición no rexistro de augas dun aproveitamento de augas captadas mediante pozo denominado Parcela 8, sito en Santo André, término municipal de Ribadavia, solicitada por María José Dieguez Pérez”.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **APROBACIÓN DE CONTRATO DE SERVICIOS PARA O ASESORAMENTO ARQUEOLÓXICO.**

A Xunta de Goberno Local aproba o contrato de Servicio , de data 2 de xaneiro do 2009, para o Asesoramento Arqueolóxico necesario para o correcto desenvolvemento e funcionamento da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia.

O contrato foi adxudicado a Don Manuel García Valdeiras , contrato menor, en base o disposto no artigo 277 e ss. da Lei de Contratos do Sector Público, cunha duración ata o 31 de decembro do 2009, e pr unha cantidade de TRES MIL EUROS (3.000 euros ), IVE INCLUIDO.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO